




CANÓN DO MAO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora




O río Mao, antes de botarse no Sil forma un profundo canón entre os concellos de A Teixeira e Parada do Sil. Augas arriba da ponte da estrada o canón é de moi difícil acceso. Podemos ver varias fervezas de pequena altura entre grandes penedos.

Máis abaixo, na entrada da antiga fábrica da luz hai unha ruta acondicionada de 1,3 km que permise seguir o canón pola parte alta, ata o encontro co encoro.


Entre paredes case verticais do canón podemos atopar unha boa representación da vexetación da zona, mestura da fraga atlántica e mediterránea: aciñeiras, erbedos, acivros, carballos, freixos, loureiros, escornacabras...

COMO CHEGAR: na estrada de Parada de Sil á Teixeira crúzase o río e déixase o coche. Remontando o río por entre os penedos podemos achegarnos á algunhas das fervezas.


Augas abaixo da ponte (no concello de Parada do Sil) hai unha vella central acondicionada como área de interpretación e camping e dela parte unha ruta de 1,3 km, por pasarelas de madeira, que chega ata o camiño que sobe a Barxacoba.



Canón do Mao desde Cristosende



Fervezas augas arriba da ponte da estrada



Vistas do Canón desde a pasarela